# 6º CURSO

Neste entroido de Quintela
estamos aquí con pouca paciencia .Bis
Intentando divertirnos
con un pouquiño de ciencia.  Bis



Materias, materias, materias,
estamos fartos de tantas lerias.
Inglés, inglés, inglés,
Que o fale feijóo e os do PP.
Mates, mates, mates,
o seu inventor merece tomates.
Castelán, castelán, castelán,
De tanto escribir, dóeme a man.



Tantas linguas día a día
e aínda por riba a cidadanía. Bis
Que aburrimento coñecemento,
xa non podo con tanto in-
vento.Bis



RETROUSO
O entroido xa comeza,
moita troula nos espera. Bis
Algúns inventos son xeniais
sobre todo os carnavais. Bis

# ENTROIDO 2010



## C.E.I.P. QUINTELA

## (MOAÑA)

# INFANTIL

MÚSICA: O GHAI, GHAI



ENTROIDO, ENTROIDO,
O NOSO ENTROIDO XA ESTÁ AQUÍ.
A TROULEAR A DIVERTIR,
DISFRAZADIÑOS DE MAZÁS.




AS MAZÁS DE NEWTON
SOMOS MOI LISTIÑAS
DÉMOSLLE UNHA IDEA
A SÚA CABEZIÑA.

ENTROIDO, ENTROIDO,
O NOSO ENTROIDO XA ESTÁ AQUÍ.
A TROULEAR A DIVERTIR,
DISFRAZADIÑOS DE MAZÁS.



CAIMOS NA HORTA,
E NEWTON DESCUBRIU
QUE A GRAVIDADE
POR FIN EXISTIU.

# 5º CURSO




## *RAP?*

Con gafas e probetas imos explorar
a fórmula do Entroido para gozar.
Gafas, probetas e moito máis,
coa fórmula do Entroido temos que dar.

Somos os científicos de Quintela,
cos nosos inventos ides alucinar.
Somos as científicas de Quintela,
cos nosos inventos ides alucinar.

Con lupa e maletín imos explorar
a fórmula do Entroido para gozar.
Lupa, maleta e moito máis,
coa fórmula do Entroido temos que dar.

A nosa bata branca vaise manchar
con tanto experimento con augarrás.
Con tanto cheiro forte imos apestar
e os nosos veciños vannos denunciar.



Con gafas e probetas
imos explorar
a fórmula do Entroido para gozar.
Gafas, probetas e moito máis,
coa fórmula do Entroido temos que dar.

Un dos experimentos saíu moi mal
e co pelo pincho imos quedar.
Ó chegar á casa o can vainos ladrar
e por descoñecidos vainos tomar.


Con lupa e maletín imos explorar
a fórmula do Entroido para gozar.
Lupa, maleta e moito máis,
coa fórmula do Entroido
temos que dar.

Xa chega de traballo,
queremos comer
filloas, orellas e tamén, beber.
Agora polas rúas imos desfilar
e moitos caramelos vannos lanzar.

# 2º CURSO



*Se o noso Edison mirara*
*Este disfrace espectacular*
*Estaría tan contento*
*Por querelo recordar*



*Somos lámpadas de baixo consumo*
*O ecoloxismo é o normal*
*Alumeamos como as outras*
*E pensamos nos demais*

*( Retrouso)Hai que aforrar, hai que aforrar,*
*hai que aforrar.*
*Hai que aforrar, hai que aforrar, hai que aforrar.*
*Apaga neno/a esas luces,*
*hai que aforrar, hai que aforrar, hai que aforrar.*
*(Bis)*

*Antes de Edison xa, algúns outros*
*comenzáronnos a inventar*
*e graciñas a todos eles*
*nós podemos alumear.*



*RETROUSO*

# 3º CURSO

De Leonardo e Monnalisa
hoxe voume disfrazar
de Leonardo e Monnalisa
hoxe voume disfrazar.

ha, ha, ha,  ha, ha, ha
é o Carnaval.

Aquí están os de terceiro
e querémosvos cantar
ensinarvos o disfrace
este Carnaval.

ha, ha, ha,  ha, ha, ha
é o Carnaval.

Gústanos moito pintar
todo o queremos ilustrar
Somos uns grandes artistas
o mellor do Carnaval

ha, ha, ha,  ha, ha, ha
é o Carnaval.



# 4º CURSO



GALILEO E HIPATIA

Bailaches Galileo
bailei nas estrelas
dime con quen bailaches
cas profes de Quintela.(2 BIS)
Bailaches Galileo
bailei nas estrelas.

Este ano no entroido
vimos todos disfrazados
queremos pasalo ben
e dos profes nos burlamos.

Bailaches Galileo
bailei si señor
dime con quen bailaches
bailei co profe Antón.(2 Bis)
Bailaches Galileo
bailei si señor

Ai Merchi,, Merchi, Merchiña
non nos des tanto a brasiña
tesnos todos atolados
de mandarnos polo espazo.

Bailaches Hipatia
bailei un twist
dime con quen bailaches
baileino con Luis.(2Bis)
Bailaches Hipatia
bailei un twist

Estamos aqui moi guapas
todas somos Hipatia
traémosvos moita troula
e para todos simpatía.

Bailaches Hipatia
bailei todo o día
dime con quen bailaches
Bailei con quen podía.
(2BIS)
Bailaches Hipatia
bailei todo o día .

Base instrumental:A saia de Carolina.



# 1º CURSO



Lume, lume! Fume,fume!

O home de cro-magnon
non era de cartón.
O home de cro-magnon
acendeu o fogón.
Lume, lume! Fume,fume!
O home de cro-magnon
non era de cartón.
O home de cro-magnon
rematou co apagón.
Lume, lume! Fume,fume!

O home de cro-magnon
non era de cartón.
O home de cro-magnon
non tiña pantalón.
Lume, lume! Fume,fume!

O home de cro-magnon
non era de cartón.

O
home de cro-magnon
peludo coma un castrón.
Lume, lume! Fume,fume!

O home de cro-magnon
non era de cartón.
O home de cro-magnon
era moi cabezón .
Lume, lume! Fume,fume!

Os peques de cro-magnón.
Olen a limón.
Os peques de cro-magnón.
Rematan a actuación.



